

## San Pedro de Sarandón

Este antropónimo (nome de persoa) vén do latín *Petrus*, forma masculina de *petra* 'pedra, rocha'.

O apóstolo foi dos primeiros enrolados por Xesús. Seguiu durante toda a súa vida ata a súa detención na horta das Oliveiras, e logo, despois da resurrección, ata a ascensión. Cando Xesús morre, vive en Xerusalén, onde o prende Herodes Agripa. Despois marcha a Roma onde se converte no primeiro bispo. Nerón préndeo e manda crucificalo. El ten as chaves do ceo.

É patrón dos pescadores e fabricantes de redes, tamén dos canteiros e ferreiros.

En Galicia é un dos santos máis populares e o que máis parroquias ten despois de María.

Como apóstolo viste túnica e manto e leva como atributos persoais un libro ou un rolo de pergamiño e unha chave. Como Papá viste pontifical, con alba, capa e tiara papal de tres coroas; na man esquerda sostén o bordón de tres cruces, erguendo a dereita en actitude de bendicir.

O apóstolo ten varias datas de celebración: 29 de xuño, 1 de agosto e 22 de febreiro.



### Xián

Este antropónimo (nome de persoa) procede do latín *Iulianus*, cognomen moi frecuente, derivado do xentilicio *Iulius*, da *gens* 'familia' *Iulia*.

Debemos precisar que algúns topónimos *Xián* galegos teñen orixe nun nome xermánico, presente no medioevo galego nas formas *Egila*, *Egilanus*, *Egeo* e que significaba 'puñal'.



### Buxeiros de arriba / Buxeiros de abaixo

Este topónimo foi creado pola forma latina *buxu* 'buxo' máis o sufixo *-ariu*.

En galego a palabra *buxo* serve para referirse á especie *Buxus sempervirens*, planta de madeira dura e moi apreciada na artesanía.



### Covelas

Este nome de lugar vén do latín *covu* por *cavu* 'cavidade, cova' máis o sufixo *-ela*.



### Ribeira

A voz latina *riparia* (e esta de *ripa*), 'beira do río', dá este nome en galego, en alusión as ribeiras da beira do río ou do mar.



### San Pedro

Este antropónimo (nome de persoa) vén do latín *Petrus*, forma masculina de *petra* 'pedra, rocha'.

